



Xeración de Crédito 009-X/21 (35/21)
Expte. CIVIDAS nº 2021037681
Exptes relacionados: 2021037688 e 2021008934

DECRETO ALCALDÍA. Ourense, na data da sinatura electrónica

Visto o informe-proposta elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, de data 30/09/2021 (ref: JFC/160/2021), asinado tamén pola Concelleira delegada de Facenda na mesma data, en relación coa solicitude de aprobar unha xeración de créditos feita pola Concellería delegada do Servizo de Formación Ocupacional, Desenvolvemento Local e Promoción Económica, mediante Providencia de data 29/09/2021, e visto o informe desfavorable emitido pola Intervención Municipal de 08/10/2021, atendendo á consideración realizada polo Órgano de control financeiro, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto, Lexislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido la Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co número 16 das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO:**

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 009-X/2021, utilizando a figura das xeracións de crédito, contabilizando esta dentro do proxecto específico de gasto con código 21-2-20-03 "Obradoiro de Emprego Montealegre III", de acordo co seguinte detalle:

APLICACIÓN DOS FONDOS		
<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
200.2411.22690	Obradoiro emprego. Gtos. Diversos	8.663,04 €
280.2411.13100	Persoal lab. temp. Obradoiro de emprego	87.596,99 €
280.2411.16000	Cota patronal S. Social Obradoiro de emprego	14.762,69 €

TOTAL..... 111.022,72 €

ORIXE DOS FONDOS		
<u>CONCEPTO</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
45085	Xunta. Consell Emprego e Igualdade. Obrad Emprego (CIF S1511001H)	111.022,72 €

TOTAL..... 111.022,72 €

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos, **á Concellería delegada do Servizo de Formación Ocupacional, Desenvolvemento Local e Promoción Económica**, como centro xestor do gasto, **e ao Departamento de Nómina e Persoal** aos efectos oportunos.

O manda e asina o Sr. Alcalde, do que eu Oficial Maior, dou fe.

